

A AUDIÇÃO MUSICAL NA ESCOLA

Ana López Portela



INTRODUCCIÓN

A Audición Musical forma parte, xunto á educación do ouvido, do ritmo, da linguaxe, a canción e a motricidade da educación musical do neno. Pero así como existen moitos métodos de lectura e de escritura, exercicios rítmicos, cancións, etc., hai moi poucos para a apreciación da obra musical. Quizais sexa debido a que a *facultade de escoitar* é innata no individuo, polo que non representaría problema algún. Per a menudo se desmotra que *non se sabe escoitar, da mesma maneira que non se sabe ver*.

Estes feitos, así como a falta de material didáctico e o pouco tempo no horario escolar, son as causas principais polas que se descuida, tantas veces, este aspecto tan importante da educación musical.

OBXECTIVOS

O obxectivo fundamental é conseguir despertar nos nenos o *desexo de escoitar boa música*, disfrutar coa súa audición e chegar a comprendela. O medio máis lóxico e poñerse en contacto con ela, ben pola práctica dun instrumento como pola audición de obras musicais.

METODOLOXÍA

A *Audición activa* é o mellor medio para motivar os nenos e conseguir estes obxetivos.

Batia Strauss(1), nunha serie de observacións, fruto de moitos anos de traballo e experimentación en moitos niveis de diferentes escolas dentro do marco da educación elemental (7 a 11 anos) opina que:

"Para poder disfrutar dunha obra musical é necesario *coñecela*. Isto conséguese mediante repetidas audicións ata que nos sexa posible anticiparnos o que virá, que é o que produce maior satisfacción.

Antes de chegar a este momento ten que haber un primer encontro coa música, sendo o que presenta maior dificultade (os alumnos encóntranse incómodos, con falta de interés...) E pois, tarefa do maestro salvar os obstáculos de este primeiro encontro utilizando todos os medios para motivar os nenos, para actualos".

Cada Audición presenta unhas características determinadas, uns obxetivos diferentes polos que deberá ser traballada dunha maneira particular.

Os *medios e recursos* a utilizar dependerán das posibilidades da obra musical elixida.

O *profesor* deberá analizar previamente a obra para axustar o tipo de participación (activación) que lle é máis convinte.

Nesta participación débese valer do movemento, da voz, da dramatización, do acompañamento instrumental, da expresión gráfica, do Musicograma... para conquistar que o neno viva a Música participando plenamente nela, tomando de esta maneira parte activa na interpretación da obra musical.

Hai que ter en conta que é a Audición a que está có servizo da metodoloxía e non ó contrario.

E podemos engadir que a Música levada de este xeito ten unha extraordinaria acollida por parte dos nenos.


PERIODO PREESCOLAR

Esta etapa poderíamos denominala de Pre-audición.


A Educación auditiva faixe sobre exercicios de experimentación dos sonidos e das súas cualidades de altura, de intensidade, de duración e do timbre, así como da ubicación espacial e do traballo con fontes sonoras tradicionais e non tradicionais. A confección de material sonoro e de instrumentos rústicos e unha parte moi importante en este período da educación musical.

1.-Xefe do Departamento de Educación Musical en Tel-Aviv, Israel. Dende 1975 imparte Cursos regulares de Educación Musical en Suíza, Alemania Federal, Berlín e Instituto Orff de Salzburgo.

As grafías que van a continuación pertencen os distintos parámetros do sonido oídos e vistos por nenos de catro e cinco anos. A través do dibuxo expresan a diferente intensidade, duración e altura dos sonidos escoitados.



Os exemplos seguintes son experimentados a facer diante dos alumnos para que poidan percibir as vibracións da corda tensada e como estas varían según a súa lonxitude, dando lugar a sonidos mais graves ou mais agudos. O mesmo ocorre no caso dos diferentes volúmenes de auga en vasos de cristal.



O coñecemento dos instrumentos, tanto visual como auditivo, tamén deberá escomenzar nestas idades.

Para o coñecemento visual podémonos valer de multitude de cancións e xogos mima-dos, de relatos e contos, de láminas con ilustracións dos instrumentos, "puzzles" e todo tipo de xogos didácticos dos que xa existen no mercado e dos que podemos confeccionar coa axuda dos propios nenos, dende o clásico "xogo da coa" ata ás "cartas de familias". Todo isto podería servirnos de inspiración para a fabricación dun material didáctico apropiado a iste aprendizaxe, substituindo os grabados tradicionais por debuxos de instrumentos musicais de todas as familias: corda, vento e percusión.

Non debemos esquecer a importancia da "música en vivo", aproveitando todas as oportunidades que teñamos de acercar os pequenos as demostracións musicais que sexan doadas, así como a utilización de videos, cintas e discos.

A música eleixida deberá estar ó alcance dos intereses dos nenos. Hai que ter en conta que a *imaxinación* é un factor moi importante nestas idades, polo que poderemos valernos da gran cantidade de obras musicais existentes de carácter descriptivo e programático que sexan capaces de suxerir determinadas situacións referidas a persoas, animais o cousas cás que os nenos identificaránse moi facilmente.


Neste senso vai a discografía seleccionada.

CICLO MEDIO

En este Ciclo pode iniciarse o coñecemento das FORMAS MUSICAIS, escomenzando coas Formas simples: estróficas, binarias, cánones, rondós... para continuar no Ciclo Superior con FORMAS máis complexas: Sonata, Sinfonía, Concerto, Poema Sinfónico...

Paulatinamente o neno tera de adquirir un coñecemento de compositores, formas e obras musicais que formarán o seu repertorio, chegando a *disfrutar, comprender e respetar todo o que representa a MUSICA*.

EXPRESIÓN GRÁFICA DE FORMAS MUSICAIS REALIZADAS POLOS NENOS



SELECCIÓN DE DISCOGRAFÍA

- BEETHOVEN. Sinfonía nº 6. "Pastoral".
BERLIOZ. Sinfonía fantástica.
BORODIN. En las Estepas del Asia Central.
BRAHMS. Danza Húngara nº 5.
DEBUSSY. El Mar y Nocturnos.
DEBUSSY. Preludio a la siesta de un fauno.
DUKAS, P. El aprendiz de brujo.
GRIEG. Peer Gynt.
GROFE. Suite del Gran Cañón.
HAYDN. Sinfonía de los juguetes.
HAYDN. Sinfonía de la sorpresa.
KETELBEY. En un mercado persa.
KODALY. Hary Ianog.
MOZART. Paseo en trineo.
MOZART. Minuetto.
MUSSORGSKY. Cuadros de una exposición.
ORFF, K. Carmina Burana.
RAVEL, Ma mère L'Oye.
SAINT-SAENS. El carnaval de los animales.
SCHUBERT. Andantino del quinteto "La Trucha".
SCHUBERT. Momento Musical.
SMETANA. El Moldavia.
TCHAIKOWSKY. El lago de los cisnes.
TCHAIKOWSKY. Cascanueces.
VIVALDI. Las cuatro estaciones.

PARA EL CONOCIMIENTO DE LOS INSTRUMENTOS DE LA ORQUESTA

- BRITTEN. Guía de Orquesta para jóvenes.
LÓPEZ COBOS. Los instrumentos de la orquesta.
POP, ANDRE. Píccolo, Saxo y Compañía.
PROKOFIEW. Pedro y el lobo.